



Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B MGB	Documento 10519I1B9Y	
Código de verificación 	Expediente 105/2025/6212	
3A5I 6I1I 276Q 2221 0YRL	Fecha 19-11-2025	

Asunto ANUNCIO do ACTO de TRÁMITE: ACTO de TRÁMITE do órgano instrutor sobre exame das solicitudes presentadas en relación co previsto na Base 11.4 das BBRR Axudas de BONO-TAXI do ano 2026.- REQUIRIMENTO e SUBSANACIÓN e ENMENDA do contido das SOLICITUDES presentas ás persoas solicitantes afectadas.-	Interesados Persoas solicitantes REQUIRIDAS das axudas de BONO-TAXI do ano 2026 en relación ao contido e documentación da súa solicitude
--	---

ANUNCIO do ACTO de TRÁMITE
ACTO de TRÁMITE do órgano instrutor sobre exame das solicitudes presentadas en
relación co previsto na Base 11.4 das BBRR Axudas de BONO-TAXI do ano 2026.-
Trámite de REQUERIMENTO e SUBSANACIÓN e ENMENDA
do contido das SOLICITUDES presentas, en relación co cumprimentos de requisitos
e achega de documentación obrigatoria.-

I.- Antecedentes e proceso de instrución do procedemento de concesión destas axudas:

En data 08/10/2025, a concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade aproba a Resolución núm. RES/AYTO/17909/2025 pola que se aproba a convocatoria de axudas para apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade para o ano 2026.

En data 14/10/2025 publícase o anuncio no BOP da Coruña núm. 196, relativo ao extracto do antedito acordo mediante o cal se abre o prazo de 1 mes para a presentación de solicitudes. Dito prazo comprendeu o período que vai dende o día 15/10/2025 ata o día 14/10/2025, ambos engadidos.

II.- Contido do Anuncio: Resolución de concesión das axudas:

O órgano instrutor adoptou os seguintes acordos en relación ao acto de trámite deste procedemento de concesión de axudas, do día 19/11/2025

"Primeiro.- APROBAR a LISTAXE das persoas SOLICITANTES que presentaron solicitudes no procedemento de concesión das axudas derivadas da convocatoria de axudas para o transporte en taxi de persoas con discapacidade (tamén denominadas Axudas Bono-Taxi) para o ano 2026.

- LISTAXE de persoas SOLICITANTES de axudas de BONO-TAXI do ano 2026 [Versión INTERNA NON Publicable]:

Código de verificación (CSV): 1S34 0S4I 0V30 1260 1D9Y

- LISTAXE de persoas SOLICITANTES de axudas de BONO-TAXI do ano 2026 [Versión EXTERNA SI Publicable]:

Código de verificación (CSV): 3Q4T 1U1W 6007 5D2K 0K5N

Dita LISTAXE de persoas solicitantes REQUIRIDAS, coa indicación detallada do contido e alcance da documentación requirida a cada unha das persoas afectadas, así como do expediente afectado, consta de dúas (2) listaxes de idéntico contido, unha versión non publicable e outra versión publicable tralo proceso de anonimización de datos de carácter persoal que constan no expediente de referencia e cuxos datos identificativos se indican a continuación:

- LISTAXE de persoas SOLICITANTES REQUIRIDAS de axudas de BONO-TAXI do ano 2026 [Versión INTERNA NON Publicable]:

Código de verificación (CSV): 3D2Z 7160 1Y1M 4B4U 14XL

- LISTAXE de persoas SOLICITANTES REQUIRIDAS de axudas de BONO-TAXI do ano 2026 [Versión EXTERNA SI Publicable]:

Código de verificación (CSV): 3A2M 501P 6V2W 0D5K 1CNJ



Concello da Coruña

Segundo.- REQUIRIR ás persoas SOLICITANTES que constan na LISTAXE das persoas solicitantes REQUIRIDAS no procedemento de concesión das Axudas Bono-Taxi 2026 de acordo co establecido nas Bases 10.3.2 e 11.4 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2026, tendo en conta que a súa respectiva solicitude NON reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria de axudas, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, para que SUBSANE dita solicitude ou EMENDE a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no PRAZO MÁXIMO e improrrogable de DEZ (10) DÍAS HÁBILES.

ADVERTIR ás persoas SOLICITANTES REQUIRIDAS que constan relacionadas na indicada LISTAXE, de que se non o fixesen teráselles por desistidos da súa respectiva solicitude destas axudas, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Terceiro.- O órgano instrutor desta convocatoria de axudas aprobará e publicará de inmediato un ANUNCIO co contido dispositivo deste acto de trámite, xunto coa LISTAXE de persoas solicitantes REQUIRIDAS, na súa versión externa publicable (anonimizada), coa indicación detallada do contido e alcance da documentación requirida a cada unha das persoas afectadas, así como do expediente afectado, para o coñecemento das persoas solicitantes interesadas destas axudas.

En concordancia co establecido na Bases 13.1 e 13.2 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2026 (, en relación á notificación dos trámites do órgano instrutor previstos nestas bases, a NOTIFICACIÓN deste requirimento de información e documentación ás persoas solicitantes requiridas, ao que se refiren os apartados Primeiro.- e Segundo.- anteriores, se realizará mediante a publicación deste anuncio público nos lugares de difusión que se indican de seguido:

- Na páxina WEB municipal, no seguinte enlace:
<https://www.coruna.gal/serviciosociales/gal>.
- No taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello de A Coruña, no seguinte enlace:
<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>.

A publicación deste anuncio terá o carácter de notificación colectiva, aos efectos do previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 24.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións."

III.- Información adicional sobre o contido do Anuncio:

INFORMACIÓN ACLARATORIA sobre a consulta do contido da LISTAXE elaborada polo órgano instrutor, sobre o REQUERIMENTO e SUBSANACIÓN e ENMENDA do contido das SOLICITUDES presentas de axuda de BONO-TAXI para o ano 2026, en relación co cumprimentos de requisitos e achega de documentación obrigatoria.- (en adiante, LISTAXE de REQUERIMENTO):

+++++
Pode consultar o contido deste requirimento de información e/ou documentación nos seguintes lugares e enderezos:

- Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña:
<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>
- Páxina web de servizos sociais:
<https://www.coruna.gal/servizossociais/gl?argIdioma=gl>

De forma telefonica nos seguintes teléfonos e horarios:

- Teléfono de Atención Cidadá 010, no horario de 08:00 á 20:30 horas, de luns a venres e de 09:00 á 14:00 horas os sábados.
- Horario de mañá e tarde, de luns a venres, de 09:00 á 14:00 horas e de 16:00 á 20:30 horas, nos teléfonos dos centros cívicos: 981 189 885 (Cidade Vella), 981 184 372 (Monte



Concello da Coruña

Alto), 981 184 360 (Labañou), 981 184 350 (Rosales), 981 184 358 (Elviña), 981 184 362 (Palavea), 981 184 364 (Mallos), 981 189 884 (Novoboandanza), 981 184 368 (San Diego), 981 184 354 (Castrillon), 981 189 817 (Monelos) e 981 184 379 (Eiris).

+++++

Para a información telefónica deberá facilitar un número de identificación persoal da persoa solicitante e da persoa que realiza a consulta.

IV.- Prazo e lugar de presentación da información e/ou documentación requirida ás persoas solicitantes destas axudas:

— Prazo de presentación da información e/ou documentación requirida:

COLUMNA DA LISTAXE: DOCUMENTACION

Nesta columna da listaxe do requirimento, relaciónase a información e/ou documentación que teñen que presentar as persoas solicitantes **REQUIRIDAS** e ás que se lles concede un **PAZO de DEZ (10) DÍAS HÁBILES** para emendar o contido da súa solicitude de axudas de Bono-Taxi para o ano 2026.

O prazo de presentación comezará o seu cómputo ao día seguinte (hábil) da publicación do anuncio no Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña.

ADVIRTESE ás persoas solicitantes **REQUIRIDAS** que constan na LISTAXE de requirimento de documentación e corrección de solicitudes por non achegar a documentación obrigatoria á que se refire os apartados 10.3.2 e 11.4 das bases reguladoras destas axudas que, **de NON atender este requirimento ou NON facelo de forma adecuada, entenderase por DESISTIDA da súa respectiva solicitude**, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

+++++

— Lugar de presentación da información e/ou documentación requirida:

A dita información e/ou documentación deberase presentar no **Rexistro de Entrada** do Concello da Coruña, de forma presencial ou telemática:

- Nas oficinas dos Rexistros municipais de María Pita, Ágora, Fórum e a Franxa, opcionalmente, con CITA PREVIA ¹
- Na sede electrónica municipal: <https://sede.coruna.gal/sede/gl>
- Por calquera outro medio dos que permite o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Segundo a data prevista da publicación deste anuncio no Taboleiro de Edictos e Anuncios do Concello da Coruña, o período do **PRAZO para presentar a documentación requirida é dende o día 20 de NOVIEMBRE (20/11/2025) ata o día 03 DE DICIEMBRE de 2025 (03/12/2025)**, ámbolos dous días engadidos.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

O órgano instructor,
A xefa de servizo de Servizos Sociais
P.A. A xefa de servizo de Acción Social
Graciela Carral Seijas